

ACTIVIDADES CIENCIAS NATURAIS


1º: Abre a libreta e nunha folla nova, en branco, fai a portada para o terceiro trimestre (esfórzate un pouco e coloréaa que non che custa nada), se xa a tes feita, pasa á páxina seguinte.

2º: Pon a data de hoxe e debaixo como sempre o título, lembra que na liña da data nunca escribimos nada máis (escribe en maiúsculas e acórdate que pode ser con cores):

REPASO DO APRENDIDO

3º: Escribe o enunciado da actividade:

- **Recorta e pega as seguintes imaxes na libreta, a continuación explica o que sucede nelas de forma ordenada.**



A explicación debe ser ordenada (non podemos falar da viñeta 3 e despois falar da viñeta 1) e non pode ser dunha liña porque sería moi curta nin tampouco de dez porque sería demasiado longa para 4 imaxes.

(deixamos a liña en branco entre os exercicios):

4º: A continuación escribimos o seguinte enunciado

- **Recorta e pega as seguintes imaxes baleiras na libreta, fai unha historia, con debuxos, con recortes de revistas... na que apareza algún tipo de alimento, a continuación explica o que sucede nelas de forma ordenada ao igual ca no exercicio anterior:**

1	2
3	4

5º: Facemos o seguinte exercicio, copiando primeiro o enunciado e despois as preguntas e as respostas (a pregunta nunha liña e a resposta na liña seguinte):

- **Contesta:**

- Que tipo de **alimentos** aparecen na primeira historia?

Resposta:

- Cales cres que son os **nutrientes** que teñen eses alimentos en maior cantidade proteínas, vitaminas e minerais ou graxas?

Resposta:

- Dentro da **roda dos alimentos** a que grupo pertencían aos enerxéticos, aos construtivos ou aos reguladores?

Resposta:

- Cres que para unha dieta equilibrada é necesario tomar algúns deses alimentos? Por que?

Resposta: